



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 27/06/2023 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **3º bimestre do 2023**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/07/2023 e 31/08/2023 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/07/2023. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 27 de xuño de 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2100

BÓVEDA

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía número 2023/0320, de data 22 de xuño de 2023, o Sr. Alcalde-presidente, D. José Manuel Arias López, nomeou como Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros/as do Concello de Bóveda:

1º. D. José Luis Rivera Saco

2ª. Dª Cristina Juárez Fernández

3º. D. Dionisio Blanco Rubinos

O que se publica para os efectos de xeral coñecemento.

Bóveda, 29 de xuño de 2023.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2101

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía número 2023/0332, de data 26 de xuño de 2023, o Sr. Alcalde, D. José Manuel Arias López, delegou na Xunta de Goberno Local, por motivos axilización dos asuntos para unha eficiente e eficaz

operatividade, una serie de atribucións que se proceden a detallar, sendo a data dos seus efectos ao día seguinte, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo e taboleiro de anuncios do concello.

A relación de competencias delegadas son as que seguen:

- a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- b) O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- c) Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- d) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin os 3 millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicados nos seguintes supostos: A de bens inmobles, sempre que estea prevista no Orzamento. A de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxa enaxenación non se atope prevista no Orzamento.
- e) As demais que expresamente lle atribúan as leis ou aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

O que se publica aos efectos do previsto no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Bóveda, 30 de xuño de 2023.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2102

Anuncio

Por Acordo do Pleno de data 27 de xuño do 2023, aprobouse definitivamente a creación da Xunta de Goberno local e proposta de delegación de competencias do Pleno nesta, así como as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación, o que se publica aos efectos do previsto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e en cumprimento do previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entre outros preceptos concordantes e sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación das mesmas.

“CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (R.O.F.), a Xunta de Goberno Local se integra polo Alcalde-Presidente e un número de Concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, sendo 3 polo tanto o número de membros que a poden integrar, que equivalen ó tercio estricto do número legal de membros da Corporación, que é 9.

A Xunta de Goberno Local será órgano necesario nos municipios de menos de 5.000 habitantes cando así o regule o Regulamento Orgánico ou sexa acordado polo Pleno do Concello, correspondendo ó Sr. Alcalde o nomeamento de concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local e conferir delegacións en favor desta.

Co obxecto de dotar dunha maior celeridade e eficacia á actuación municipal, esta Alcaldía considera necesario proceder ó establecemento dun réxime de delegacións de materias cuia competencia corresponde ó Pleno en virtude da Lei, en favor da Xunta de Goberno Local.

Vistos os artigos 52 e 53 do R.O.F., pola presente, propoño que o Pleno Municipal adopte o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno Local que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada por 3 concelleiros, número non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, nomeando como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes Concelleiros:

- D. José Luis Rivera Saco
- D^a. Cristina Juíz Fernández
- D. Dionisio Blanco Rubiños

SEGUNDO.- Delegar de forma expresa na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións propias, enumeradas nos apartados que se citan do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, do Pleno da Corporación Local:

1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3.- A concertación das operacións de crédito cuia contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento –salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos e contratación dos mesmos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos nos orzamentos.

5.- As demais que expresamente lle confiren as leis.

TERCEIRO.- As atribucións delegadas deberán exercerse pola Xunta de Goberno Local nos prazos e dentro dos límites desta delegación, sen que sexan susceptibles de ser delegadas en ningún outro órgano.

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o vindeiro día 29 de xuño de 2023, ás 12:30 horas, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

QUINTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria con carácter periódico cada dous meses, coincidindo cós meses pares, o último luns de cada mes ás 12:30 horas e, polo tanto, celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses: febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro. En caso de coincidir que o último luns de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s fose inhábil, a sesión ordinaria celebraríase o xoves inmediatamente anterior á mesma hora.

SEXTO.- A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

SÉTIMO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2023.”

“RETRIBUCIÓN, INDEMNIZACIÓN E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

De conformidade co disposto nos artigos 75 e 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, introducido polo número dezoito do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local («B.O.E.» 30 diciembre), así como no artigo 18 do Real Decreto-Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no eido do Sector Público, propoño que o Pleno Municipal adopte o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Establecer as seguintes adicacións:

-Alcalde-Presidente; adicación exclusiva de corenta (40) horas semanais (100%), cunha retribución bruta mensual de dous mil seiscentos sesenta e dous euros con cincuenta céntimos (2.662,50 €), cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de orzamentos.

Cando por ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite ó Alcalde-Presidente ó exercicio das súas atribucións, o Tenente de Alcalde que o substitúa legalmente, poderá ser retribuído coas mesmas asignacións económicas que as correspondentes ó Alcalde-Presidente, e polo tempo de adicación efectiva.

- Segunda Tenente de Alcalde; adicación parcial de oito (8) horas semanais (20%), cunha retribución bruta mensual de cincocentos euros (500,00 €.), cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de orzamentos.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta do Alcalde-Presidente, con efectos do desate de xuño do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a Corporación o pago da cota empresarial correspondente.

Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta da segunda Tenente de Alcalde, D^a Cristina Juíz López, con data de efectos do acordo plenario, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a Corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con adicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a sesións plenarias: sesenta euros (60,00 €) por sesión.

B.- Por asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: sesenta euros (60,00 €) por sesión.

C.- Por asistencia a sesións da Comisión Informativa do Pleno e Comisión Especial de Contas: cincuenta euros (50,00€) por sesión.

CUARTO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, incluíndo bases de execución do orzamento municipal, dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2023 que se opoñan a este acordo.”

Bóveda, 30 de xuño de 2023. O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2103

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO BIMESTRE DO 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data de data 30/06/2023, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 30-06-2023 ao 30-08-2023. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 30 de xuño de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2104

FRIOL

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2023, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 9/2023, (terceiro da competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplementos de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de VINTE E SETE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS DE EURO (27.999,50.-), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2105

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2023, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 10/2023, (cuarto de competencia do Pleno), para suplementos de crédito, financiados por transferencias de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe total de ONCE MIL CINCOCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (11.546,93 €).

Cumprindo co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2106

LOURENZÁ

*Anuncio***ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I.****XUÑO 2023****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de xuño de 2023 por importe de sesenta e seis euros e sesenta e cinco céntimos (66,65).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 15 de xuño de 2023.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2107

RIOTORTO

Anuncio

En relación á **DECLARACIÓN DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS**, faise público que coa data que se reflicte, foron recibidas as declaracións efectuadas no modelo normalizado polos concelleiros/as electos/as que a continuación se enumeran:

CANDIDATO A CONCELLEIRO/A ELECTO	CANDIDATURA	PATRIMONIO INCOMPATIBILIDADE RECIBIDAS
CLEMENTE IGLESIAS GONZÁLEZ	P.P.	12/06/2023
JOSÉ LUIS LOURIDO LÓPEZ	P.P.	16/06/2023
MANUEL RIVAS BOUZA	P.P.	16/06/2023
MANUEL PACIO IGLESIAS	P.P.	15/06/2023
JOSÉ LUIS LORIDO CARBALLEIRA	P.P.	16/06/2023
OLGA MASEDA GARCÍA	P.P.	12/06/2023
WANESA GÓMEZ LOURIDO	B.N.G.	16/06/2023
MARÍA CAMPO FERNÁNDEZ	B.N.G.	16/06/2023
LUIS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	B.N.G.	16/06/2023

Riotorto, 30 de xuño de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2108

Anuncio

Réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da corporación

O Pleno deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 23/06/2023 aprobou o réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da corporación local que é o seguinte:

“

1. *Recoñecer ao Alcalde, Clemente Iglesias González, unha dedicación exclusiva para facer as súas funcións, pagándosele a cantidade de 3.141,21 euros brutos mensuais, máis pagas extraordinarias de igual contía en Xuño e Decembro, máis os trienios correspondentes, e comunicando a alta á Seguridade Social. Esta retribución será con efectos o 17/06/2023.*
2. *Recoñecer a tódolos membros da Corporación Municipal, excepto aos que teñan unha dedicación exclusiva e parcial, unha indemnización de 75 euros por cada asistencia a Plenos e de 70 euros a Xuntas de Goberno e Comisións.*
3. *Recoñecer aos membros da Corporación Municipal as indemnizacións que a continuación se detallan, por Comisión de Servizos, polo exercicio das súas funcións de goberno e administración cando teñan que realizar tarefas fora do termo municipal ante Administracións ou outros organismos públicos ou privados:*

Dieta enteira: 150 euros máximo.

Media dieta: 75 euros máximo.

A media dieta cubrirá os gastos dunha comida e a enteira dúas comidas e aloxamento.

Estes gastos xustificaranse a nome do Concello.

4. *Recoñecer que os gastos de viaxe que xeren os membros da Corporación no exercicio das súas funcións de goberno e administración, así como pola asistencia á sesión do Pleno ou Comisións se paguen a 0,19 euros/km cando sexa en vehículo propio. Cando sexa noutro vehículo, en base a factura.*
5. *As dietas e gastos previstos nos apartados 3 e 4 serán aprobados pola Xunta de Goberno Local previa xustificación do traballo feito ou, no seu defecto, declaración xurada.*
6. *Tódalas cantidades sinaladas en concepto de soldos serán actualizadas o día 01 de xaneiro de cada ano de acordo coa subida prevista na Lei de Orzamentos do Estado para funcionarios públicos.*
7. *Os gastos por asistencias a sesións do Pleno e desprazamentos terán efectos dende o 17/06/2023.”*

Riotorto, 30 de xuño de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2109

Anuncio

Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno

De conformidade co disposto no artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Financiamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que o Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria de 23 de xuño de 2023, delegou na Xunta de Goberno as seguintes atribucións:

“1-. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e de defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación de operacións de crédito a contía acumulada do cal dentro de cada exercicio económico exceda do 10% dos recursos ordinarios do Presuposto, salvo ás de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- As competencias que en materia de contratación lle correspondan O Pleno de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- A aprobación de proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos presupostos.
- A adxudicación de concesións sobre bens da Corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial, así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas o Alcalde e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

2. - A presente delegación de atribucións producirá efectos a partir do día seguinte o da adopción do preceptivo acordo municipal.”

Riotorto, 30 de xuño de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2110

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ORGANOS COLEXIADOS.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se tomou o seguinte acordo:

“(...) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesión dos órganos de colexiados da Corporación. Por asistencia a órganos colexiados se pagarán as seguintes cantidades:

- Pleno Municipal: 70,00 €
- Xunta de Goberno: 70,00 €
- Comisión Especial de Contas: 70,00 €
- Calquer outro órgano colegiado: 70,00 €

SEGUNDO. Os gastos de locomoción en vehículo propio, como consecuencia de desprazamentos por motivos de actividade municipal, serán indemnizados a razón de 0,26 € por quilómetro, así como os gastos efectivamente ocasionados polo pago de peaxes e parking. Os presentes gastos se xustificarán mediante a presentación da correspondente declaración xurada indicando a poboación de destino e a xestión municipal realizada, e adxuntando os correspondentes recibos de parking e peaxes.

Non se establece indemnización por kilometraxe pola realización de xestións dentro do termino municipal.

TERCEIRO. Establecer o réxime de indemnizacións polos gastos ocasionados polos Sr. Concelleiros quedando establecida como segue:

- Dieta por manutención simple (comida e/ou cea): Por cada comisión de servizo ou desprazamento fora do término municipal por razón do cargo, con saída do núcleo urbano de Trabada antes das trece horas e regreso despois das dezaseis horas trinta minutos, e/ou saída despois das dezasete horas e regreso despois das veintidúas

horas, a cantidade de cincuenta (50,00 €). A xustificación do referido gasto efectuarase mediante declaración na que se indique o día, hora de saída e regreso, o destino e descripción sucinta da xestión realizada.

- *Dieta por aloxamento: Cuando con ocasión da comisión de servizo ou desprazamento fóra do término municipal por razón do cargo se fixera necesario a pernocta en establecemento hostelero, a dieta por aloxamento queda fixada en 100,00 €; e xustificarse de igual forma que a manutención simple.*

- *No suposto de que no desenvolvemento dunha comisión de servizo ou desprazamento por razón do cargo se ocasione un gasto por manutención simple superior ó establecido con ocasión de invitacións a autoridades, sustituirase a correspondente cantidade asignada polo da factura emitida polo establecemento de hostelería correspondente, acompañada da declaración na que se incluírá o día de devengo, lugar e sucinta descripción do feito que motive o gasto*

CUARTO. *O presente acordo aplicarase dende o día seguinte a súa aprobación no pleno de organización do Concello de Trabada."*

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

CREACIÓN E COMPOSICION DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se tomou o seguinte acordo:

"(...) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. *Crear a Comisión Especial de Contas, cuxa composición debe gardar a debida proporcionalidade en relación cos resultados das eleccións municipais, e que, polo tanto, estaría integrada por:*

Presidente: PSG- PSOE: 1 Representante que será Dona Mayra García Bermúdez (Alcaldesa do Concello de Trabada)Vocais:

PSG-PSOE: 2 Representantes nomeados por este grupo que son Dona Julia María Barcia Fernández e Don Rubén García Freije.

P.P.: 1 Representante nomeado por este grupo que será Don José María Fernández Vázquez.

Secretario: O da Corporación Municipal.

SEGUNDO. *O funcionamento desta comisión axustarase o establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, ou calquer outra disposición o respecto.*

TERCEIRO.- *Non crear ningunha outra Comisión Informativa ó considerar que non son necesarias nun Concello de menos de 5.000 habitantes e tendo en conta que as citadas Comisións Informativas son órganos colexiados non preceptivos para os Concellos de menos de 5.000 habitantes, como é o caso do Concello de Trabada.*

CUARTO. *Publicar o presente acordo no BOP da Lugo ós efectos oportunos."*88

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

CREACIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODICIDADE DE SESIÓNS ORDINARIAS.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se tomou o seguinte acordo:

"(...) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. *Crear a Xunta de Goberno Local, que terá as funcións de asesoramento a Alcaldía, así como as competencias que na mesma poida delegar tanto esta Alcaldía como o Pleno Municipal.*

SEGUNDO. *No suposto de que o Pleno Municipal acorde a creación da mentada Xunta de Goberno Local a mesma estaría integrada como Presidente pola Sra. Alcaldesa do Concello de Trabada, Dona Mayra García Bermúdez e polos seguintes Tenentes de Alcalde:*

Dona Julia María Barcia Rodríguez.

Don Rubén García Freije.

Dona Suevia Reimonde Gasalla.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno local celebrará sesións ordinarias o terceiro mércores de cada mes as 12:00 horas, e extraordinarias cando sexa necesario

CUARTO. Publicar o presente acordo no BOP da Lugo ós efectos oportunos.”

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se tomou o seguinte acordo:

“(...) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Delegar na Xunta de Goberno Local, de conformidade co art. 22.4 da LRBRL, no que se regula a delegación de competencias do Pleno, as seguintes atribucións:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello (art.22.2.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril), tanto en materias de competencia plenaria coma do Alcalde .
- A concertación de operacións de tesorería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.
- A concertación de operacións de crédito das que a contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- As contratacións, convenios e concesións de toda clase, cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os 6.010.121 de euros, así como os contratos e as concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios o orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos nos Presupostos.
- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a 3.005.060 de euros, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:
- Cando se trate de bens inmobles o de bens mobles que estén declarados de valor histórico ou artístico, e non estén previstas no orzamento.
- Cando estando previstas no Presuposto, superen as mesmas porcentaxes e contías, indicados para as adquisicións de bens.
- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ao servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, a que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Conceder medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.
- As demais competencias que expresamente deban corresponder ao Pleno por calqueira norma que non requira adopción de acordo por maioría cualificada.

SEGUNDO.- Estas delegacións comprenden tanto as facultades de xestión e dirección como as de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluída a de resolver os recursos de reposición que puideran interpoñerse contra as resolucións dictadas no exercicio das competencias atribuídas pola presente delegación.

TERCEIRO.- O acordado nos dous puntos anteriores, producirá efectos a partir do día seguinte ó da súa aprobación, conforme preceptúa o art. 51.2 do R.D. 2568/1986, de de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sen perxuízo da súa publicación no BOP.”

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ORGANOS COLEXIADOS.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se tomou o seguinte acordo:

"(...) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Nomear como representantes do Concello nos distintos órganos colexiados ós seguintes concelleiros:

- 1.- CONSELLO ESCOLAR DE TRABADA: Don Rubén García Freije e Dona Julia María Barcia Fernández.
- 2.- MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUGUESA: Don Rubén García Freije e Dona Julia María Barcia Fernández.
- 3.- FUNDACIÓN S. SALVADOR DE LOURENZÁ: Don Rubén García Freije e Dona Julia María Barcia Fernández.
- 4.- Outros órganos colexiados non especificados onde a corporación deba estar representada: Don Rubén García Freije.

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no BOP da Lugo ós efectos oportunos."

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se tomou o seguinte acordo:

"(...) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Establecer que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación, terán lugar o último mércores dos meses impares as 12:00 horas, no salón de sesións do Concello, ou lugar habilitado ó efecto.

SEGUNDO. Facultar á Señora alcaldesa para pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno dentro do período de 7 días, é dicir, dende o mércores anterior ata o mércores posterior, da súa celebración cando o día fixado sexa festivo ou se atope incluído nun período vacacional, ou de asuntos propios do funcionario habilitado de carácter estatal, ou quen legalmente o substitúa.

TERCEIRO. O Pleno celebrará as sesións extraordinarias cando así o decida a Alcaldesa-Presidenta ou o solicite a cuarta parte, polo menos do número legal de membros da corporación de conformidade coa regulación contida no artigo 46 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

CUARTO. O Pleno celebrará as sesións extraordinarias-urxentes cando así o decida a Alcaldesa-Presidente e cando a urxencia do asunto ou asuntos que se van a tratar non permita convocar a sesión coa antelación mínima de dous días hábiles esixidas polo artigo 46 da Lei de bases do réxime local."

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN GRUPOS POLÍTICOS.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se deu coñecemento da constitución e composición dos grupos políticos municipais:

"De seguido dase conta o Pleno Municipal da constitución dos distintos grupos políticos, según sendas comunicacións que tiveron rexistro de entrada o día 23 de xuño efectuada polos distintos partidos políticos que acadaron representación nas últimas eleccións municipais, coa seguinte composición:

* **Grupo de PSG-PSOE:**

Dona Mayra García Bermúdez

Don Rubén García Freije

Dona Julia María Barcia Fernández.

Dona María del Carmen Amor Prieto

Dona Suevia Reimonde Gasalla

Dona Rosa María Pérez Prieto

*** Grupo do Partido Popular:**

D. José María Fernández Vázquez.

D. Eliseo López Villar.

Dona Juana María Rodríguez Maseda.

Asimesmo, no escrito de constitución dos grupos municipais se establecen os seguintes portavoces:

*** Grupo de PSG-PSOE:**

- Portavoz: Don Rubén García Freije.

- Suplentes: Dona Julia María Barcia Fernández.

*** Grupo do Partido Popular:**

- Portavoz: D. José María Fernández Vázquez.

- Suplente: D. Eliseo López Villar.

O Pleno Municipal queda enterado"

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

DELEGACIÓN DE ÁREAS DE GOBERNO EN CONCELEIROS.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se deu coñecemento da Resolución de Alcaldía 265/2023 que establece:

"En uso das facultades conferidas polos artigos 43 a 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , polo artigo 21 da lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVO :

PRIMEIRO.- *Aprobar as seguintes delegacións xenéricas de servizos, que abarcan tanto a facultade de dirixir os mesmos como a de xestinalos en xeral, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, a favor dos seguintes concelleiros electos:*

- Dona Rosa María Pérez Prieto, Concelleira delegada en Medio Rural.

- Dona Julia María Barcia Fernández, Concelleira Delegada da Área de Igualdade e Desenvolvemento Local.

- Don Rubén García Freije, Concelleiro Delegado de Educación e Deporte.

- Dona Suevia Reimonde Gasalla, concelleira delegada en Turismo.

- Dona María del Carmen Amor Prieto, concelleira delegada en Cultura.

A Alcaldía resérvase o resto das Áreas, e en especial as de Economía, Emprego, Servizos Sociais, Infraestruturas e Urbanismo.

SEGUNDO.- *Do presente Decreto daráse conta ao Concello en Pleno na sesión organizativa que se celebre, debéndose publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

TERCEIRO.- *Notificar o presente decreto aos interesados aos efectos previstos no artigo 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , que literalmente di: "La delegación de atribuciones requerirá, para ser eficaz, su aceptación por parte del Delegado. La delegación se entenderá aceptada tácitamente si en el término de tres días hábiles contados desde la notificación del acuerdo el miembro u órgano destinatario de la delegación no hace manifestación expresa ante el órgano delegante de que no acepta la delegación.*

En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA SRA. ALCALDESA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se deu coñecemento da Resolución de Alcaldía 266/2023 que establece:

“En virtude do establecido no apartado 3 do artigo 21 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, onde se afirma que “3. El Alcalde puede delegar el ejercicio de sus atribuciones, salvo las de convocar y presidir las sesiones del Pleno y de la Junta de Gobierno Local, decidir los empates con el voto de calidad, la concertación de operaciones de crédito, la jefatura superior de todo el personal, la separación del servicio de los funcionarios y el despido del personal laboral, y las enunciadas en los párrafos a), e), j), k), l) y m) del apartado 1 de este artículo.

No obstante, podrá delegar en la Junta de Gobierno Local el ejercicio de las atribuciones contempladas en el párrafo j).”

*A vista do contido desta disposición e en virtude das atribucións que me confiren o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, **RESOLVO:***

PRIMEIRO. *Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias que según o apartado 3 do artigo 21 son delegables:*

1.- A competencia establecida no artigo 21.1. apartado q), é dicir, a concesión de licencias de obra maior e a toma de coñecemento das obras menores.

SEGUNDO. *Publicar o presente acordo no BOP da Coruña ós efectos oportunos.*

TERCEIRO.- *Dar conta do presente decreto na sesión extraordinaria organizativa do Pleno do Concello de Toques.*

En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;”

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se deu coñecemento da Resolución de Alcaldía 268/2023 que establece:

“En virtude do establecido nos artigos 21 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no 62 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, do Réxime Local de Galicia, así como nos artigos 47 e 48 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a designación e nomeamento dos Tenentes de Alcalde é competencia exclusiva e indelegable do Sr. Alcalde;

Vista a existencia dun erro no apartado primeiro da parte resolutiva do decreto número 267/2023 de data 23 de xuño en canto a designación dos tenentes de Alcalde;

*En virtude do establecido nas disposicións referenciadas no apartado anterior con data de hoxe, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- *Anular o contido do decreto número 267/2023 de data 23 de xuño por conter un erro material na designación do terceiro tenente de Alcalde.*

SEGUNDO.- *Nomear como Tenentes de Alcalde do Concello de Trabada, con efectos do día de hoxe, ás concelleiras seguintes:*

- Primeira Tenente de Alcalde: Dona Julia María Barcia Rodríguez.

- Segunda Tenente de Alcalde: Don Rubén García Freije.

- Terceira Tenente de Alcalde: Dona Suevia Reimonde Gasalla.

TERCEIRO.- *Establecer que no caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que ten asignadas a mesma serán realizadas pola primeira Tenente de Alcalde Dona Julia María Barcia Rodríguez e no seu defecto polos seguintes Tenentes de Alcalde.*

CUARTO.- *Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ós efectos oportunos.*

QUINTO.- *Dar conta o Pleno do Concello desta Resolución na sesión extraordinaria de Organización que se convoque en cumprimento do previsto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.-*

En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;”

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaladesa, Mayra García Bermúdez.

APROBACIÓN DEDICACIÓN EXCLUSIVA NO CONCELLO DE TRABADA.

Que na sesión extraordinaria de organización do Pleno do Concello de Trabada celebrada en data 28 de xuño de 2023 se tomou o seguinte acordo:

"(...) Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Trabada por unanimidade dos membros presentes na sesión, é dicir, por 8 votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Establecer que con efectos da data posterior a celebración da presente sesión extraordinaria de organización, o membro da Corporación Dona Mayra García Bermúdez terá dedicación exclusiva.

SEGUNDO. Establecer a favor de Dona Mayra García Bermúdez, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes as diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes as mensualidades de xuño e decembro, e dalos de alta no réximen xeral da seguridade social:

Dona Mayra García Bermúdez: 46.735,00 euros/brutos.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo os Portavoces dos diferentes Grupos Políticos Municipais e a todos os concelleiros, facendo constar de maneira expresa á Sra. Alcaldesa que se entenderá aceptado dito réximen de dedicación exclusiva polo afectado de non manifestar nada o respecto dentro do prazo das 24 horas seguintes a súa notificación."

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 30 de xuño de 2023 .- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2111

O VALADOURO*Anuncio*

O Pleno desta entidade, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2023, acordou a aprobación do expediente de modificación orzamentaria, suplemento de crédito 1/2023 de acordo co seguinte resumo por capítulos:

ALTA EN CONCEPTO DE GASTOS

AREA GASTO	DE	PARTIDA	IMPORTE
2		231.22799	250.00€

TOTAL SUPLEMENTO: 250.000€

FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

ALTA EN CONCEPTO DE INGRESOS		
ECONÓMICA	DESCRICIÓN	IMPORTE
87000	Remanente Tesourería Gastos Xerais	250.000€

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [<http://valadouro.sedelectronica.es>].

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

O Valadouro, 30 de xuño de 2023.- A alcaldesa, María José Fernández Díaz.

R. 2112

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **09/06/2023**, acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

GUIRIZ: substituta: DOÑA MARA LÓPEZ LOSADA. DNI 33*845P.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 19 de xuño de 2023.- **O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.**

R. 2113

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: **A/27/39365**

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamento de augas

Peticionario: Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Nombre de la captación: Rego de Boco

Caudal solicitado: 16,50 m³

Punto de emplazamiento: Vilar (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Sarria (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante una arqueta de 2 metros de profundidade y 1 metro de diámetros desde la cual se conducirán las augas hasta el depósito contra incendios de 16,5 m³ de capacidade.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **TREINTA DÍAS**, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Sarria, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 28 de junio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2114
